

# 1. Bolsas e prácticas profesionais

## 1.3. Outros organismos públicos

O IAC publica anualmente unha convocatoria a nivel mundial de bolsas destinadas a mozos con titulación universitaria superior recente, preferentemente en Física (e ocasionalmente en Matemáticas ou Enxeñaría).

### INSTITUTO DE ASTROFÍSICA DE CANARIAS. BOLSAS DE PRÁCTICAS

#### Requisitos

- 8 bolsas de verán están destinadas a estudantes universitarios de titulacións superiores ou máster, preferentemente de Física ou Matemáticas con orientación Astrofísica, que no momento da presentación de instancias tiveran superado, a lo menos, 180 créditos da titulación superior que presenten e ter unha nota media de 7,5.
- 6 bolsas para a formación de recén titulados e estudantes dos últimos cursos universitarios de titulacións superiores de ciclo largo e de grao, preferentemente de Enxeñaría ou en Ciencias Físicas ou afín. A súa finalidade é a de formar a ditos estudantes ou recén licenciados no desenvolvemento tecnolóxico asociado á investigación astrofísica.
- 2 contratos predoutorais para realizar unha tese doutoral no marco do "Programa Internacional de Becas de Doutoramento "la Caixa"-Severo Ochoa - Astrofísicos Residentes del IAC. Está destinada a titulados superiores, preferentemente en Física ou Matemáticas, que estean en condicións de obter a admisión ó programa de doutorado de Astrofísica da Universidade da Laguna antes da súa incorporación ó IAC.

#### Lugar

Illas Canarias

#### Prazos de solicitude

No primeiro semestre do ano.

#### Proceso de selección

Máis información na páxina oficial do IAC: [iac.es](http://iac.es)

#### Duración e contía

Estas bolsas son renovables anualmente ata un máximo de 4 anos. No caso da obtención do título en menos tempo, contéplase a renovación coma un contrato laboral.